

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

Conto: O enterro do home que estaba vivo [ATU-1951: Is the Wood Split?]

Aconteceu en Donis. Ían enterrar vivo a un home moi pobre. Cando o levaban tumbado nunha escaleira cara o cemiterio, atopáronse cun veciño de Corneantes que se encarou coa comitiva.

-Onde levades a este home?

-Imos a enterralo porque por ter, non ten nin para comer □ responderon os de Donis.

-Deixádeo, que eu lle darei trigo.

Ao escoitar o ofrecemento, o morto-vivo ergueu a cabeza e preguntou:

-Cocido ou sen cocer?

-En gran □ respondeu o de Corneantes.

-Pois que continúe o enterro! □ dixo o pobre tumbándose de novo na escaleira.

[Recompilado por Xabier Moure Salgado en agosto de 2011, no concello de Cervantes (Lugo)]